

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

NEGREIRA

Bases de selección para a contratación laboral temporal, por un período de 3 meses a xornada completa, de traballadores/as para o Servizo denominado "Brigadas de prevención e defensa contra incendios forestais"

ANUNCIO

Por decreto de alcaldía número 181/2021, de data 4 de xuño de 2021 aprobáronse as Bases seguintes:

BASES DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL, POR UN PERIODO DE 3 MESES A XORNADA COMPLETA, DE TRABALLADORES/AS PARA O SERVIZO DENOMINADO "BRIGADAS DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS" AO ABEIRO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN SUSCRITO ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL E O CONCELLO DE NEGREIRA PARA A PARTICIPACIÓN NA PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS MEDIANTE A ACTUACIÓN DE MEDIOS DE PREVENCIÓN.

BASES XERAIS

PRIMEIRO.- OBXECTO DAS BASES XERAIS

As presentes bases teñen por obxecto establecer as normas e procedemento xenérico para a selección de persoal laboral temporal no Concello de Negreira.

O obxecto das presentes bases é regular a contratación laboral temporal dunha brigada de prevención e defensa contra incendios forestais do Concello de Negreira integrada por 1 XEFE DE BRIGADA, 1 PEÓN CONDUTOR FORESTAL E 3 PEÓNS FORESTAIS, no marco do Convenio de colaboración suscrito entre a Consellería do Medio Rural e a entidade local de Negreira para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación de medios de prevención e defensa contra incendios forestais durante o ano 2021 cofinanciado parcialmente co fondo europeo agrícola de desenvolvemento rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2014-2020.

O ámbito de actuación será o municipal e intégranse no dispositivo de emerxencias do Distrito Forestal ao que pertence o municipio de Negreira. A actuación da brigada dará prioridade á extinción de incendios forestais respecto doutros traballos, segundo o disposto no artigo 47 da Lei 43/2003, de montes e no artigo 48.6 da Lei 3/2007, de prevención e defensa contra os incendios forestais. Así mesmo, cando concorran razóns extraordinarias de emerxencia, o órgano autonómico poderá decidir a mobilización destes medios fóra do termo municipal de Negreira, conforme ao previsto no PLADIGA no que expresamente se prevé como se producirá a coordinación en tales supostos.

O persoal seleccionado prestará servizos, de carácter temporal, no Concello de Negreira, sendo as súas funcións a realizar labores de prevención de incendios forestais sempre que o seu cometido sexa levar a cabo as tarefas propias de cada posto ou calquera outra que lle poida encomendar a Alcaldía ou a Concellería de Medio Rural, que garden relación cos postos a desempeñar.

As presentes bases publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Coruña, así como no Taboleiro electrónico da Casa Consistorial, na páxina web municipal: www.negreira.gal e na sede electrónica do Concello de Negreira. (<https://sede.concellodenegreira.es/opencms/es/>)

Estas Bases son Xerais, polo cal acudirse a cada convocatoria concreta e específica regulada a través das Bases específicas.

SEGUNDO.- NORMAS DE APLICACIÓN.

Serán de aplicación a Lei 7/85, de 2 de abril, Lei Reguladora das Bases do Réxime Local, o Real Decreto Legislativo 781/86, de 18 de abril, por o que se aproba o Texto refundido das disposicións vixentes en materia de réxime local, o Real Decreto 861/86, de 25 de abril, por o que se regula o réxime de retribucións dos funcionarios da Administración Local, o Real Decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e programas mínimos a que debe axustarse o proceso de selección dos funcionarios da administración local, a Lei 30/84, de 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública, en aqueles preceptos que manteñan a súa vixencia, o Real Decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, o Real Decreto Legislativo

2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, a Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, a Lei 2/2015, de 29 de abril de emprego público de Galicia, e a Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas. E de forma supletoria, serán de aplicación o Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da administración xeral do estado e provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios da administración xeral do estado, así como demais normativa de aplicación.

TERCEIRO.- REQUISITOS XERAIS QUE DEBEN CUMPRIR OS ASPIRANTES.

Para formar parte nas probas de selección, será necesario:

-Ter nacionalidade española ou algunha outra que, con arranxo ao disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, permita o acceso ao emprego público.

Poden acceder ao emprego público como persoal laboral en igualdade de condicións coas persoas de nacionalidade española:

- As persoas que posúan a nacionalidade doutros estados membros da Unión Europea.
- As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, que sexan cónxuxes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separadas de dereito.
- Persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores de devandita idade dependentes.
- As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes do cónxuxe non separado de dereito de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores de devandita idade dependentes.
- As persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

A) Estar en posesión da titulación esixida en cada caso para cada praza nos termos sinalados nas Bases Específicas.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberán posuír o documento que acredite fidedignamente a súa homologación.

B) Non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratase de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario do que a persoa fose separada ou inhabilitada.

No caso do persoal laboral, non ser despedido mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratase de acceder á mesma categoría profesional á que se pertencía.

No caso de nacionais doutros estados, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.

C) Ter cumpridos os dezaioito anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

D) Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas previstas nestas bases, ademais da declaración de que non padece enfermidade ou defecto físico que impida o normal desenvolvemento das funcións propias do posto. (Son excluíntes as lesións de corazón, pulmón ou intestinais, trastornos psicolóxicos, incapacidades do aparato locomotor, enfermidades infecciosas, a obesidade, a cegueira e a sordeira. En mulleres será causa de exclusión o embarazo consonte o recollido nas condicións técnicas para a contratación de persoal das brigadas de extinción combatentes e capataces da Comisión Técnica de Normalización sobre Incendios Forestais CTN/ICONA/ CCAA nº 1/1993)

E) Cumprir, no momento da formalización do contrato laboral temporal, os requisitos esixidos na Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.

Os/As aspirantes que viñeran desempeñando unha actividade pública ou privada, deberán solicitar o recoñecemento de compatibilidade inmediatamente despois de efectuar a formalización do pertinente contrato de traballo temporal.

De non ser compatible a actividade que viñeran desenvolvendo coa relación laboral que comeza no Concello de Negreira, os/as aspirantes seleccionados/as comprométese a renunciar ao correspondente posto/emprego convocado.

CUARTO.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

Os/As interesados/as dirixirán as solicitudes, no modelo oficial que se publica como Anexo I destas bases e que tamén se facilitará nas Oficinas administrativas do Concello de Negreira e na súa páxina web www.negreira.gal, ao Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Negreira, requirindo tomar parte nas correspondentes probas de selección, nas que os aspirantes farán constar que reúnen as condicións esixidas nas presentes bases xerais e nas bases específicas para a praza que se opte, ao Sr. Alcalde-Presidente deste Concello.

As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral deste Concello de Negreira ou nalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

As solicitudes que non se presenten no Rexistro Xeral do Concello, e se fagan a través doutros medios sinalados na Lei 39/2015, deberán comunicalo mediante fax ao núm. 981885328, remitindo copia anexa da solicitude de participación no proceso selectivo. Serán excluídas todas aquelas solicitudes que non remitan este avance ao fax citado.

O prazo de presentación será de **cinco días hábiles, contados dende o día seguinte ao da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia.**

A solicitude de participación no proceso selectivo, deberá ser cumprimentada debidamente polos aspirantes.

A presentación de solicitudes poderá facerse ben no rexistro xeral do Concello, ou nas formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas; as solicitudes que se presenten a través da oficina de correos deberán entregarse en sobre aberto para ser seladas e datadas polo funcionario de Correos antes de seren certificadas. Se o día en que finalice o prazo de presentación de instancias fose inhábil o prazo rematará o primeiro día hábil seguinte.

QUINTO.- DOCUMENTACIÓN QUE DEBERÁ ACOMPAÑAR NECESARIAMENTE Á SOLICITUDE.

Os aspirantes que presenten a documentación de forma presencial deberán traer os orixinais ou as fotocopias feitas dos documentos que se presenten.

5.1.- Copia do DNI ou pasaporte.

Ademais, os/as aspirantes estranxeiros/as, deberán presentar documentos que acrediten que son nacionais da Unión Europea ou dalgúns dos Estados aos cales, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexan de aplicación a libre circulación de traballadores.

5.2.- Copia da titulación esixida en cada posto concreto.

5.3.- Copia do permiso de conducir, de ser necesario.(posto de peón conductor e xefe de brigada)

5.5.- Declaración responsable segundo o anexo II.

5.6.- Documentación acreditativa dos méritos alegados para a fase de concurso (vida laboral e contratos, certificados de empresa, cursos..).

Deberase acompañar á solicitude, as xustificacións documentais dos méritos que desexen alegar en relación co posto/emprego ao que se opte, mediante:

- Certificacións de servizos prestados, expedida polo organismo oficial no que se prestaron, informe de vida laboral expedido polo Instituto Nacional da Seguridade Social ao que deberá achegarse os contrato/s de traballo inscrito/s no SEPE(Servizo Público de Emprego Estatal) de non ser así non se valorará si tan só se presenta un dos dous documentos.
- Copia dos cursos relacionados coa actividade e tarefas do posto de traballo a desenvolver impartidos por unha administración ou entidade pública ou homologadas por elas (neste último caso deberá constar expresamente no título tal homologación para que poidan ser valorados). Só se valorarán os cursos relacionados con prevención e extinción de incendios, manexo de vehículos e maquinaria (ámbolos dous en materia de prevención e extinción de incendios) e prevención de riscos laborais xenéricos ou relacionados directamente co sector obxecto da convocatoria.

Non se valorarán os cursos formativos obrigatorios de 16 horas que se imparten como consecuencia dun contrato de traballo, xa que forman parte dese servizo prestado, e non se considera formación complementaria.

Non se valorarán os méritos que non estean acreditados documentalmente ou que, a xuízo do Tribunal de selección, non estean suficientemente acreditados.

Os méritos aos que se fai referencia no/s baremo/s incluídos nas Bases Específicas deberán posuírse na data de remate do prazo de presentación de instancias, computándose en calquera caso ata a citada data.

SEXTO.- TRIBUNAL DE SELECCIÓN.

De conformidade co establecido no artigo 59 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, en relación co artigo 60 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado polo real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, os órganos de selección serán colexiados e a súa composición deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse estar en representación ou por conta de ninguén.

Os membros dos órganos de selección deben pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional para o ingreso no cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido para participar no proceso selectivo; e estará constituído por:

- 1) **Presidente:** Un funcionario ou persoal laboral da administración.
- 2) **Secretario:** Un funcionario ou persoal laboral da administración, que actuará con voz e sen voto.
- 3) **Tres Vogais:** Entre funcionarios ou persoal laboral da administración.

Os órganos de selección actúan con plena autonomía no exercicio da súa discrecionalidade técnica e os seus membros son persoalmente responsables da transparencia e obxectividade do procedemento, da confidencialidade das probas e do estrito cumprimento das bases da convocatoria e dos prazos establecidos para o desenvolvemento do proceso selectivo. As dúbidas ou reclamacións que poidan orixinarse coa interpretación da aplicación das bases da presente convocatoria, así como o que deba facerse nos casos non previstos, serán resoltas polo Tribunal, por maioría dos votos dos seus membros presentes.

O tribunal poderá dispor a incorporación, ós seus traballos, de asesores especialistas, quen se limitarán ó exercicio das súas especialidades técnicas, que serán a única base da súa colaboración co órgano de decisión e que actuarán por tanto con voz pero sen voto.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo ó señor alcalde, cando concorran neles algunha das circunstancias previstas nos artigos 23 e 24 da Lei 40/15, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas.

O/A presidente/a do tribunal poderá requirir ós membros do mesmo, declaración expresa de non atoparse incursos en causa de abstención nas circunstancias previstas nos citados artigos da Lei 40/15. Así mesmo, os/as aspirantes poderán recusar ós membros do tribunal cando concorran as circunstancias previstas no presente parágrafo.

O tribunal non poderá actuar ou constituírse sen a presenza polo menos de tres dos seus membros con dereito a voto, sendo imprescindible en todo caso a asistencia do/a presidente/ e do/a secretario/a. O tribunal actuará con suxeición ás bases de convocatoria, quedando facultado para resolver cantas cuestións se susciten na súa interpretación.

O Tribunal de selección constituirase na data que designe o Sr. Alcalde. Na sesión constitutiva adoptaranse as decisións pertinentes para o correcto desenvolvemento do proceso selectivo.

SÉPTIMO.- SISTEMA DE SELECCIÓN E AVALIACIÓN DE MÉRITOS.

O sistema de selección será o de concurso-oposición, e constará de dúas fases:

FASE DE OPOSICIÓN:

A fase de oposición será previa á do concurso.

Consistirá na realización dunha proba teórica de carácter obrigatorio e eliminatorio acordes coa praza.

Os aspirantes serán convocados en chamamento único, sendo excluídos da oposición quen non comparezan, salvo causa de forza maior debidamente acreditada e libremente apreciada polo Tribunal.

En calquera momento o Tribunal poderá requirir aos opositores para que acrediten a súa personalidade.

Os candidatos deberán acudir provistos do NIF ou, na súa falta, pasaporte ou permiso de conducir.

FASE DE CONCURSO:

Esta fase será posterior á de oposición, e, non tendo carácter eliminatorio, os puntos obtidos na mesma non poderán terse en conta para superalo exercicio da fase de oposición.

O Tribunal non poderá avaliar o non alegado e acreditado polos aspirantes nos documentos achegados no momento de presenta-las solicitudes ás probas selectivas.

No concurso avaliaranse os méritos establecidos para cada posto en concreto.

Só aos aspirantes que superen a oposición valoraráselles na fase de concurso os méritos que aleguen e xustifiquen documentalmente.

Para valora-los méritos será necesario que se presenten documentos xustificativos dos mesmos; en ningún caso se terán en conta os méritos que non estean debidamente xustificados.

OITAVO.- PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN.

Expirado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará resolución no prazo máximo de tres días hábiles, coa lista provisional de admitidos e excluídos. En devandita resolución, que se publicará no Taboleiro de edictos do Concello e na páxina web do Concello de Negreira, farase constar a causa da exclusión e concederáse un prazo de **dous días hábiles** para que polos interesados poidanse formular reclamacións ou emendar os defectos que motiven a exclusión (non para alegar novos méritos non alegados ata entón).

Finalizado o prazo de reclamacións e emendas, e resoltas as mesmas, a Autoridade ou órgano convocante elevará a definitivas as listas de admitidos e excluídos mediante Resolución que se publicará igualmente no Taboleiro de edictos do Concello e na páxina web do Concello de Negreira. Dita publicación servirá de notificación a efectos de impugnacións e recursos. Na mesma resolución indícarase a data, lugar e hora de comezo do exercicio de oposición.

Ademais farase constar os sucesivos chamamentos e convocatorias, e en definitiva calquera decisión que adopte o Tribunal de selección e que deba coñecer o persoal aspirante até a finalización das probas selectivas ou, no seu caso, a fase de concurso, exporase nos locais onde se celebrou o exercicio anterior e/ou na páxina web do Concello ou Taboleiro de edictos, ou nos que se sinalen no último anuncio, bastando dita exposición, na data que se inicie, como notificación para todos os efectos.

Todas as notificacións que se realicen respecto ó presente procedemento de selección, levaranse a cabo exclusivamente, de acordo co establecido no art. 45 da Lei 39/2015, do 2 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das administracións públicas, a través de publicacións no taboleiro de edictos e na páxina web do Concello de Negreira.

NOVENO.- RELACIÓN DE APROBADOS E PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS.

Concluídas as probas, elevarase ao órgano competente proposta de candidatos para a formalización dos contratos, que en ningún caso poderá exceder do número de prazas convocadas. Calquera proposta de aprobados que contraveña o anteriormente establecido será nula de pleno dereito.

Os/as aspirantes seleccionados deberán realizar previamente á súa contratación; un recoñecemento médico e unha proba física de esforzo para garantir as súas condicións de saúde para o traballo a realizar. De non superar o recoñecemento médico e a proba física de esforzo, declararase o/a aspirante decaído do seu dereito á contratación.

Igualmente os/as aspirantes seleccionados deberán realizar un curso teórico-práctico de formación sobre prevención e defensa contra os incendios forestais de 16 horas. Este curso será obrigatorio, aínda que os compoñentes da brigada xa o recibisen en anos anteriores. En caso de non superar o curso o/a aspirante quedará decaído do seu dereito á contratación.

PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN.

O/A aspirante proposto/a presentará no Rexistro Xeral do Concello de Negreira a seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI.
- Certificado ou informe médico oficial acreditativo de non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o desempeño das funcións propias do posto.
- Declaración xurada de non ter sido separados/as do servizo das administracións públicas e non estar incurrido nalgunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente. (Anexo II destas bases)
- Copia do título académico esixido ou certificación académica dos estudos realizados.
- Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social e número de conta bancaria.

O prazo de presentación será de 2 días hábiles contados a partir do día seguinte á publicación da proposta de selección no taboleiro de edictos, prazo que non poderá ser obxecto de ampliación en ningún caso.

DÉCIMO.- BOLSA DE TRABALLO

Os aspirantes que superaran o proceso selectivo pero que non contaron coas mellores puntuacións logo da suma das obtidas na fase de concurso e na fase de oposición e polo tanto non foron seleccionados para as prazas ofertadas pasarán a formar unha lista de reserva por orde de puntuación para cubrir eventuais vacantes dos seleccionados durante o período subvencionado que nunca se estenderá mais aló da duración da contratación da brigada para o exercicio 2021.

UNDÉCIMO.- RECURSOS.

As presentes bases e convocatoria poderán ser impugnadas de conformidade co establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Así mesmo, a Xurisdición competente para resolver as controversias en relación cos efectos e resolución do contrato laboral será a Xurisdición Social.

Contra a convocatoria e as súas bases, que esgotan a vía administrativa, poderase interpor polos interesados recurso de reposición no prazo dun mes ante a Alcaldía, previo ao contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo ou, a partir do día seguinte ao de publicación do seu anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

No non previsto nas bases será de aplicación a Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local; o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, aprobado polo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril; e no Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro e o Convenio Colectivo de aplicación, así como as normas aplicables ao persoal laboral contidas no Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro e na Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia.

ANEXO I TEMARIO XEFES DE BRIGADAS

TEMAS COMÚNS

Tema 1.- A Constitución española de 1978. Principios Xerais. Dereitos e Deberes fundamentais dos españois. Principios rectores da política social e económica. Garantías dos dereitos e liberdades.

Tema 2.- O Estatuto de Autonomía de Galicia.

Tema 3.- Organización territorial do Estado e as competencias municipais.

Tema 5.- O municipio de Negreira : Superficie, límites .Poboación e parroquias

TEMAS ESPECÍFICOS

Tema 1.- Materiais, útiles e ferramentas utilizadas tanto na prevención como na defensa contra incendios forestais.

Tema 2.- Disposicións mínimas xerais de seguridade e saúde aplicable na prevención e defensa contra incendios forestais. Equipos de protección individual.

Tema 3.-Traballo en Incendios Forestais.

Tema 4.- Funcións do Xefe de Brigada na prevención e defensa contra incendios forestais.

Tema 5.- O Pladiga 2020

Tema 6.- Zonificación do territorio nos distritos forestais

Tema 7.- Xerarquía dentro do distrito forestal

Tema 8.- O comportamento do lume.

Tema 9.- O incendio forestal

Tema 10.- Propagación do incendio

Tema 11.- Extinción dos incendios forestais

Tema 12.- Introducción dos métodos de ataque contra os incendios.

Tema 13.- Métodos de ataque. Ataque directo: Extinción mediante rega: tendido de mangueras. Ataque indirecto. A liña de defensa.

Tema 14- O contralume

Tema 15.- A liña de control

Tema 16.- Técnicas de liquidación

Tema 17.- Etapas da liquidación

Tema 18- Indicadores de puntos quentes

Tema 19- Seguridade durante a liquidación

Tema 20.- Ferramentas que actúan sobre a calor

Tema 21.- Ferramentas que actúan sobre oxíxeno

Tema 22.- Ferramentas que actúan sobre o combustible

Tema 23.- Mantemento das ferramentas

Tema 24.- Maquinaria lixeira

Tema 25.- Uso da motoserra na extinción. Uso da rozadora na extinción.

Tema 26.- Radiocomunicacións nos incendios forestais. Estrutura organizativa. Canles dunha emisora. Sistemática da comunicación. Manexo e mantemento dos equipos de comunicación.

ANEXO II TEMARIO PEÓNS CONDUTOR

Tema 1.- Breve idea da Constitución Española de 1978. Estrutura. Principios Xerais. Dereitos e Deberes Fundamentais.

Tema 2.- Organización Municipal: Alcalde, Pleno e Xunta de Goberno Local.

Tema 3.- O municipio de Negreira. Término municipal. Poboación. Datos de interese do Municipio. Distribución xeográfica e parroquial.

Tema 4.- Materiais, útiles e ferramentas utilizadas tanto na prevención como na defensa contra incendios forestais.

Tema 5.- Disposicións mínimas xerais de seguridade e saúde aplicable na prevención e defensa contra incendios forestais. Equipos de protección individual.

Tema 6.-Traballo en Incendios Forestais.

Tema 7.- Funcións do Peón condutor na prevención e defensa contra incendios forestais.

Tema 8.- O comportamento do lume.

Tema 9.- Extinción dos incendios forestais.

Tema 10.- Mantemento das ferramentas.

ANEXO III TEMARIO PEÓNS

Tema 1.- Breve idea da Constitución Española de 1978. Estrutura. Principios Xerais. Dereitos e Deberes Fundamentais.

Tema 2.- Organización Municipal: Alcalde, Pleno e Xunta de Goberno Local. Tema 3.- O municipio de Negreira. Termo municipal. Poboación. Datos de interese do Municipio. Distribución xeográfica e parroquial.

Tema 4.- Materiais, útiles e ferramentas utilizadas tanto na prevención como na defensa contra incendios forestais.

Tema 5.- Disposicións mínimas xerais de seguridade e saúde aplicable na prevención e defensa contra incendios forestais. Equipos de protección individual.

Tema 6.-Traballo en Incendios Forestais.

Tema 7.- Funcións do Peón na prevención e defensa contra incendios forestais.

Tema 8.- O comportamento do lume.

Tema 9.- Extinción dos incendios forestais.

Tema 10.- Mantemento das ferramentas.

ANEXO IV. BASES ESPECÍFICAS DO POSTO/EMPREGO DENOMINADO; 1 PRAZA DE XEFE DE BRIGADA.

1º.- Obxecto da convocatoria: é obxecto das presentes bases a contratación dunha praza de Xefe de Brigada do Concello de Negreira, persoal laboral temporal, mediante concurso-oposición, no marco do Convenio de colaboración asinado coa Consellería de Medio Rural para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais e o Concello de Negreira no ano 2021. A contratación deberá finalizar na data prevista nos termos do Convenio de colaboración citado.

2º.- Natureza do contrato:

Tipo de contrato.- A modalidade do contrato e o de obra ou servizo determinado no artigo 15.1. letra a) do Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores

Duración.- A duración do contrato será de **3 meses**.

3º.-Xornada de traballo.- A xornada de traballo será de **35 horas semanais**, de luns a domingo. Os traballos a realizar son a quendas, incluídos sábados, domingos e festivos e festas locais debendo contar os traballadores con plena dispoñibilidade. de conformidade co recollido no convenio asinado entre a Consellería de Medio Rural e o Concello de Negreira.

As vacacións e o horario, que poderá ser partido en xornada de mañá, tarde e noite, e de luns a domingo, adaptaranse ás necesidades do servizo de conformidade co recollido no convenio asinado entre a Consellería de Medio Rural e o Concello de Negreira.

4º.- Condicións económicas.- As retribucións serán :

Salario Bruto Mensual (Incluído PPE) :1.280€

5º.- Funcións: Coordinar e dirixir á brigada ó seu cargo para a realización das funcións establecidas no Convenio de colaboración consonte o cal realizárase esta convocatoria. Así como establecer as relacións operativas e de comunicación co persoal do distrito forestal ó que pertence o Concello, baixo a supervisión do responsable que se designe

6º.- Titulación requirida. Estar en posesión da titulación de enxeñeiro de montes, enxeñeiro técnico forestal, técnico superior en xestión e organización de recursos naturais e paisaxísticos, técnico en traballos forestais e conservación do medio natural ou formación profesional equivalente.

7º.- Requisitos específicos. Permiso de conducir B.

8º.- Baremo do sistema selectivo: O sistema de selección será o de concurso-oposición, e constará de dúas fases:

A) Fase de oposición. De carácter eliminatória.

B) Fase de concurso. A valoración das condicións de formación, méritos ou niveis de experiencia non supoñerá máis dun corenta por cento da puntuación máxima alcanzable no proceso selectivo, tal coma sinala o artigo 56 da Lei 2/2015, de 29 de abril.

C) Proba de aptitude física (carácter eliminatório).-

A) A FASE DE OPOSICIÓN (12 puntos). Consistirá na realización de un exercicio que será cualificado de 0 a 12 puntos sendo necesario obter unha cualificación mínima de 6 puntos cada un para superala sendo obrigatorio e eliminatório.

Proba teórica.- Puntuará como máximo 12 puntos. Consistirá en contestar por escrito nun tempo máximo de 30 minutos a un exame tipo test de 24 preguntas e varias opcións de resposta onde soamente unha é válida. Cada resposta correcta outorga 0,5 puntos, sendo necesario acadar unha puntuación mínima de 6 puntos para superar a proba.

As preguntas versarán sobre os temas que se expoñen no Anexo I das presentes Bases.

B) A FASE DE CONCURSO. Non ten carácter eliminatório.

O tribunal valorará os méritos alegados polos/as candidatos/as presentados/as que superaran a fase de oposición.

Puntuarase cun máximo de **8 puntos**, de acordo coa seguinte distribución.

1) Experiencia profesional. Máximo 3 puntos.

-Por servizos prestados en calquera Administración Pública en postos de iguais características ou similares, 0,20 puntos por cada mes de servizo.

-Por servizos prestados en calquera Empresa Privada en postos de iguais características ou similares, 0,10 puntos por cada mes de servizo.

A acreditación da experiencia profesional realizarase mediante a presentación de Certificado de Servizos Prestados emitido polas Administracións Públicas e polos contratos de traballo, informe de vida laboral, de acordo co apartado quinto das bases xerais. A non presentación dos documentos que se sinalan, suporá a non valoración do mérito alegado.

Non se valorarán as relacións laborais onde só se acredite a condición de peón. Deberá quedar suficientemente acreditado que se trata de campañas de prevención, vixilancia e loita contra incendios.

En caso de contratación a tempo parcial valoraranse os servizos prestados de forma proporcional.

2) Formación : Máximo 3 puntos. Puntuaranse as accións formativas relacionadas co posto obxecto da convocatoria. Polo tanto, cursos relacionados coa actividade e tarefas do posto de traballo a desenvolver impartidos por unha administración ou entidade pública ou homologadas por elas (neste último caso deberá constar expresamente no título tal homologación para que poidan ser valorados). Só se valorarán os cursos relacionados con prevención e extinción de incendios, manexo de vehículos e maquinaria (ámbolos dous en materia de prevención e extinción de incendios) e prevención de riscos laborais xenéricos ou relacionados directamente co sector obxecto da convocatoria. Non se valorarán os cursos de 16 horas obrigatorios vinculados a contratos de traballo.

-Cursos de duración de ata 35 horas: 0,25 puntos

-Cursos de máis de 35 horas e ata 59 horas: 0,50 puntos.

-Cursos de máis de 59 horas e ata 120 horas: 0,75 puntos

-Cursos de máis de 120 horas: 1,00 puntos.

- Cursos de galego; Celga 2:0.25, Celga 3;0.50 e Celga 4;0.75.

3) Entrevista Persoal: Máximo 2 puntos. Valorarase a adecuación ao posto.

O resultado final do proceso de selección, será a suma das dúas fases (oposición e concurso), en caso de empate nas puntuacións resolverase a favor dos aspirantes que acaden maior número de puntos na fase de oposición. De persistir o empate resolverase a favor dos aspirantes que máis tempo leven inscritos como demandante de emprego. Se persiste o empate, resolverase por sorteo público.

C) PROBA DE APTITUDE FÍSICA

Exercicio: proba de aptitude física (carácter eliminatorio):

O persoal seleccionado, previamente á súa contratación, deberá realizar un recoñecemento médico e unha proba física de esforzo para garantir as súas condicións de saúde para o traballo a realizar, de conformidade co establecido no convenio de colaboración suscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Negreira para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación de brigadas de prevención e defensa. É obrigatorio superar tanto o recoñecemento médico como a proba de esforzo físico.

Tamén se terá que realizar un Curso teórico-práctico de 16 horas de formación sobre prevención e defensa contra incendios forestais, que é obrigatorio realizar cada ano.

ANEXO V. BASES ESPECÍFICAS 1 PRAZA DE PEÓN CONDUTOR.

1º.- Obxecto da convocatoria: é obxecto das presentes bases a contratación dunha praza de **peón condutor** de brigada do Concello de Negreira, persoal laboral temporal, mediante concurso-oposición, no marco do Convenio de colaboración asinado coa Consellería de Medio Rural para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais e o concello de Negreira do ano 2021. A contratación deberá finalizar na data prevista nos termos do Convenio de colaboración citado.

2º.- Natureza do contrato:

Tipo de contrato.- A modalidade do contrato e o de obra ou servizo determinado no artigo 15.1. letra a) do Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores

Duración.- A duración do contrato será de **3 meses**.

3º.- Xornada de traballo.-

A xornada de traballo será de **35 horas semanais**, de luns a domingo. Os traballos a realizar son a quendas, incluídos sábados, domingos, festivos e festas locais debendo contar os traballadores con plena dispoñibilidade. de conformidade co recollido no convenio asinado entre a Consellería de Medio Rural e o Concello de Negreira.

As vacacións e o horario, que poderá ser partido en xornada de mañá, tarde e noite, e de luns a domingo, adaptaranse ás necesidades do servizo de conformidade co recollido no convenio asinado entre a Consellería de Medio Rural e o Concello de Negreira.

4º.- Condicións económicas.- As retribucións serán

IMPORTE MENSUAL

Salario Bruto Mensual: 1.126.25€ (incluído o RPE)

5°.- Funcións: As correspondentes e propias dun peón condutor de brigada ,facer traslados co vehículo correspondente e asemade realizará labores encamiñadas a disminuir o risco de propagación e minorar os danos dos incendios forestais, no caso de producirse , e tarefas preventivas como o desbroce. Estes traballos consistirán en actuacións manuais en vías e camiños forestais , áreas cortalumes en faixas de xestión de biomasa mediante roza, rareo e eliminación de restos , e demáis funcións previstas no Convenio de colaboración.

6°.- Titulación requerida. Certificado de escolaridade, EXB, ESO, técnico en traballos forestais ou conservación do medio natural ou equivalente. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán estar en posesión da credencial que acredite a súa homologación.

7°.- Requisitos específicos. Permiso de conducir B para a praza de peón condutor.

8°.- Baremo do sistema selectivo: O sistema de selección será o de concurso-oposición, e constará de dúas fases:

A) Fase de oposición. De carácter eliminatorio.

B) Fase de concurso. A valoración das condicións de formación, méritos ou niveis de experiencia non supoñerá máis dun corenta por cento da puntuación máxima alcanzable no proceso selectivo, tal coma sinala o artigo 56 da Lei 2/2015, de 29 de abril.

C) Proba de aptitude física (carácter eliminatorio).

A) FASE DE OPOSICIÓN (12 puntos). Consistirá na realización de un exercicio que serán cualificados de 0 a 12 puntos sendo necesario obter unha cualificación mínima de 6 puntos cada un para superala sendo cada un deles obrigatorio e eliminatorio.

Puntuará como máximo 12 puntos. Consistirá en contestar por escrito nun tempo máximo de 30 minutos a un exame tipo test de 24 preguntas e varias opcións de resposta onde soamente unha é válida. Cada resposta correcta outorga 0,5 punto, sendo necesario acadar unha puntuación mínima de 6 puntos para superar a proba.

As preguntas versarán sobre os temas que se expoñen no Anexo II, en función da praza á que se aspire, das presentes Bases.

B) FASE DE CONCURSO. Non ten carácter eliminatorio.

O tribunal valorará os méritos alegados polos/as candidatos/as presentados/as que superaran a fase de oposición.

Puntuarase **cun máximo de 8 puntos, de acordo coa seguinte distribución.**

1) Experiencia profesional. Máximo 3 puntos.

-Por servizos prestados en calquera Administración Pública en postos de iguais características ou similares, 0,20 puntos por cada mes de servizo.

-Por servizos prestados en calquera Empresa Privada en postos de iguais características ou similares, 0,10 puntos por cada mes de servizo.

A acreditación da experiencia profesional realizarase mediante a presentación de Certificado de Servizos Prestados emitido polas administracións públicas e polos contratos de traballo, informe de vida laboral, de acordo coa base 5° das bases xerais. A non presentación dos documentos que se sinalan, suporá a non valoración do mérito alegado. Tan so se valorará si se entregan os dous documentos tal e como se refire nas devanditas bases.

En caso de contratación a tempo parcial valoraranse os servizos prestados de forma proporcional.

2) Formación : Máximo 3 puntos. Puntuaranse as accións formativas relacionadas co posto obxecto da convocatoria. Polo tanto, cursos relacionados coa actividade e tarefas do posto de traballo a desenvolver impartidos por unha administración ou entidade pública ou homologadas por elas (neste último caso deberá constar expresamente no título tal homologación para que poidan ser valorados). Só se valorarán os cursos relacionados con prevención e extinción de incendios, manexo de vehículos e maquinaria (ámbolos dous en materia de prevención e extinción de incendios) e prevención de riscos laborais xenéricos ou relacionados directamente co sector obxecto da convocatoria.

-Cursos de duración de ata 35 horas: 0,25 puntos

-Cursos de máis de 35 horas e ata 59 horas: 0,50 puntos.

-Cursos de máis de 59 horas e ata 120 horas: 0,75 puntos

-Cursos de máis de 120 horas: 1,00 puntos.

- Cursos de galego. Celga 2:0.25 puntos, Celga 3:0.50 puntos e Celga 4:0.75 puntos.

3) Entrevista Persoal: Máximo 2 puntos. Valorarase a adecuación ao posto.

O resultado final do proceso de selección, será a suma das dúas fases (oposición e concurso), en caso de empate de puntuacións resolverase a favor dos aspirantes que acaden maior número de puntos na fase de oposición. De persistir o empate resolverase a favor dos aspirantes que máis tempo leven inscritos como demandante de emprego. Se persiste o empate, resolverase por sorteo público.

C) PROBA DE APTITUDE FÍSICA

Exercicio: proba de aptitude física (carácter eliminatorio):

O persoal seleccionado, previamente á súa contratación, deberá realizar un recoñecemento médico e unha proba física de esforzo para garantir a súas condicións de saúde para o traballo a realizar, de conformidade co establecido no convenio de colaboración suscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Negreira para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación de brigadas de prevención e defensa. É obrigatorio superar tanto o recoñecemento médico como a proba de esforzo físico.

Tamén se terá que realizar un Curso teórico-práctico de 16 horas de formación sobre prevención e defensa contra incendios forestais, que é obrigatorio realizar cada ano.

ANEXO VI. BASES ESPECÍFICAS DO POSTOS/EMPREGOS DENOMINADOS 3 PRAZAS DE PEÓNS FORESTAIS

1º.- Obxecto da convocatoria: é obxecto das presentes bases a contratación de 3 peóns forestais do Concello de Negreira, persoal laboral temporal, mediante concurso-oposición, no marco do Convenio de colaboración asinado coa Consellería de Medio Rural para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais e o concello de Negreira no ano 2021. A contratación deberá finalizar na data prevista nos termos do Convenio de colaboración citado.

2º.- Natureza do contrato:

Tipo de contrato.- A modalidade do contrato e o de obra ou servizo determinado no artigo 15.1. letra a) do Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.

Duración.- A duración do contrato será de **3 meses**.

3º.-Xornada de traballo.-

A xornada de traballo será de 40 horas semanais, de luns a domingo. Os traballos a realizar son a quendas, incluídos sábados, domingos, festivos e festas locais debendo contar os traballadores con plena dispoñibilidade. de conformidade co recollido no convenio asinado entre a Consellería de Medio Rural e o Concello de Negreira.

As vacacións e o horario, que poderá ser partido en xornada de mañá, tarde e noite, e de luns a domingo, adaptaranse ás necesidades do servizo de conformidade co recollido no convenio asinado entre a Consellería de Medio Rural e o Concello de Negreira.

4º.- Condicións económicas.- As retribucións serán

IMPORTE MENSUAL

Salario Bruto Mensual: 1.126,25€ (Incluído o RPE)

5º.- Funcións: Realizarán labores encamiñadas a disminuir o risco de propagación e minorar os danos dos incendios forestais, no caso de producirse , e tarefas preventivas como o desbroce. Estes traballos consistirán en actuacións manuais en vías e camiños forestais , áreas cortalumes en faixas de xestión de biomasa mediante roza, rareo e eliminación de restos , e demais funcións previstas no Convenio de colaboración.

6º.- Titulación requerida. Certificado de escolaridade, EXB, ESO, técnico en traballos forestais ou conservación do medio natural ou equivalente. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán estar en posesión da credencial que acredite a súa homologación.

7º.- Requisitos específicos. Non se esixen.

8º.- Baremo do sistema selectivo: O sistema de selección será o de concurso-oposición, e constará de dúas fases:

A) Fase de oposición. De carácter eliminatoria.

B) Fase de concurso. A valoración das condicións de formación, méritos ou niveis de experiencia non supoñerá máis dun corenta por cento da puntuación máxima alcanzable no proceso selectivo, tal coma sinala o artigo 56 da Lei 2/2015, de 29 de abril.

C) Proba de aptitude física (carácter eliminatorio).

A)FASE DE OPOSICIÓN (12 puntos). Consistirá na realización dun exercicio que serán cualificados de 0 a 12 puntos sendo necesario obter unha cualificación mínima de 6 puntos cada un para superala sendo cada un deles obrigatorio e eliminatorio.

Puntuará como máximo 12 puntos. Consistirá en contestar por escrito nun tempo máximo de 30 minutos a un exame tipo test de 24 preguntas e varias opcións de resposta onde soamente unha é válida. Cada resposta correcta outorga 0,5 puntos, sendo necesario acadar unha puntuación mínima de 6 puntos para superar a proba.

As preguntas versarán sobre os temas que se expoñen no Anexo III, en función da praza á que se aspire, das presentes Bases.

B)FASE DE CONCURSO. Non ten carácter eliminatorio.

O tribunal valorará os méritos alegados polos/as candidatos/as presentados/as que superaran a fase de oposición.

Puntuarase **cun máximo de 8 puntos, de acordo coa seguinte distribución.**

1) Experiencia profesional. Máximo 3 puntos.

-Por servizos prestados en calquera Administración Pública en postos de iguais características ou similares, 0,20 puntos por cada mes de servizo.

-Por servizos prestados en calquera Empresa Privada en postos de iguais características ou similares, 0,10 puntos por cada mes de servizo.

A acreditación da experiencia profesional realizarase mediante a presentación de Certificado de Servizos Prestados emitido polas Administracións Públicas e polos contratos de traballo, informe de vida laboral, de acordo coa base 5º das bases xerais. A non presentación dos documentos que se sinalan, suporá a non valoración do mérito alegado.

En caso de contratación a tempo parcial valoraranse os servizos prestados de forma proporcional.

2) Formación : Máximo 3 puntos.

Puntuaranse as accións formativas relacionadas co posto obxecto da convocatoria. Polo tanto, cursos relacionados coa actividade e tarefas do posto de traballo a desenvolver impartidos por unha administración ou entidade pública ou homologadas por elas (neste último caso deberá constar expresamente no título tal homologación para que poidan ser valorados). Só se valorarán os cursos relacionados con prevención e extinción de incendios, manexo de vehículos e maquinaria (ámbolos dous en materia de prevención e extinción de incendios) e prevención de riscos laborais xenéricos ou relacionados directamente co sector obxecto da convocatoria.

-Cursos de duración de ata 35 horas: 0,25 puntos

-Cursos de máis de 35 horas e ata 59 horas: 0,50 puntos.

-Cursos de máis de 59 horas e ata 120 horas: 0,75 puntos

-Cursos de máis de 120 horas: 1,00 puntos.

- Cursos de galego. Celga 2:0.25 puntos, Celga 3:0.50 puntos e Celga 4: 0.75 puntos

3) Entrevista Persoal: Máximo 2 puntos. Valorarase a adecuación ao posto.

O resultado final do proceso de selección, será a suma das dúas fases (oposición e concurso), en caso de empate de puntuacións resolverase a favor dos aspirantes que acaden maior número de puntos na fase de oposición. De persistir o empate resolverase a favor do aspirantes que máis tempo leve desempleado. Se persiste o empate, resolverase por sorteo público.

C)PROBA DE APTITUDE FÍSICA

Exercicio: proba de aptitude física (**carácter eliminatorio**).

O persoal seleccionado, previamente á súa contratación, deberá realizar un recoñecemento médico e unha proba física de esforzo para garantir a súas condicións de saúde para o traballo a realizar, de conformidade co establecido no convenio de colaboración subscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Negreira para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación de brigadas de prevención e defensa. É obrigatorio superar tanto o recoñecemento médico como a proba de esforzo físico.

Tamén se terá que realizar un Curso teórico-práctico de 16 horas de formación sobre prevención e defensa contra incendios forestais, que é obrigatorio realizar cada ano.

ANEXO I. MODELO DE INSTANCIA

D./D^a _____, con DNI núm. _____,
número de teléfono _____, con domicilio a estes efectos en _____,
_____,
e dirección de correo electrónico _____, expón:

Que, unha vez informado/a da convocatoria feita polo Concello de Negreira para cubrir, como persoal laboral de duración determinada, unha praza sinalada con unha (X):

- Xefe de brigada
- Peón condutor forestal
- Peón forestal

Tendo en conta que reúne os requisitos previstos nas bases da convocatoria, solicita participar no proceso selectivo para o que achego a documentación sinalada con unha (X):

- Copia da titulación esixida.
- Copia do DNI ou documento que proceda no suposto de estranxeiros.
- Copia do permiso de conducir, se procede.
- Declaración responsable. Anexo II
- Documentación acreditativa dos méritos alegados (vida laboral, contratos, certificados de empresa, cursos...)

En _____, a _____ de _____ de 2021.

O/A Solicitante

Asdo. _____

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE NEGREIRA.-

Consonte ao disposto na Lei regulamento xeral de protección de datos 679/2016 DOUE, os seus datos serán tratados de xeito confidencial. Poderán ser incorporados aos ficheiros do Concello de Negreira relacionados con este trámite, coa finalidade de utilízalos para as xestións municipais derivadas dos procedementos e consultas que inicia a persoa interesada coa súa solicitude. En calquera momento poderá exercitar os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo mediante un escrito que deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello.

O/a asinante solicita ser admitido/a ás probas selectivas ás que se refire a presente instancia e DECLARA que son certos os datos consignados nela, e que reúne as condicións esixidas para a contratación e as especialmente sinaladas na convocatoria, comprometéndose a probar documentalmente todos os datos que figuran nesta solicitude.

A presentación desta instancia implica a aceptación incondicional das bases aprobadas.

ANEXO II. MODELO DE DECLARACIÓN XURADA

D./D^a _____, con DNI núm. _____,
número de teléfono _____, con domicilio a estes efectos _____,
_____ ,
e dirección de correo electrónico _____,

DECLARA baixo xuramento ou promete, aos efectos de ser admitido/a no proceso selectivo para o ingreso na lista previa na categoría de:

- Xefe de brigada
 Peón conductor forestal
 Peón forestal

convocada polo Concello de Negreira e, no seu caso, aos efectos da formalización do correspondente contrato de traballo, que:

A) Non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.

No caso do persoal laboral, non ser despedido mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratase de acceder á mesma categoría profesional á que se pertencía. No caso de nacionais doutros estados, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.

B) Non atoparse incurso/a nas causas de incapacidade previstas na lexislación vixente.

C) Cumpro os requisitos esixidos na Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.

D) Declaro formalmente non padecer enfermidade nin defecto físico ou psíquico incompatible co normal desenvolvemento das súas funcións.

En _____, a _____ de _____ de 2021.

O/A Solicitante

Asdo. _____

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE NEGREIRA

Negreira, 7 de xuño de 2021.

O alcalde

Manuel Ángel Leis Míguez

2021/4903